



Concello de Ortigueira

Expte: 1168/2018

Asunto: Acordando presentación oferta xenérica para posto de profesor de musica especialidade vento metal

Procedemento: Planificación e ordenación persoal: contratación laboral temporal de profesores para a Escola Municipal e Música:

RESOLUCIÓN

Con data 10 de setembro de 2018 don Ruben Montero Pena con DNI 79327736T , subscribe co Concello de Ortigueira, contrato laboral temporal, por obra ou servizo, como profesor da Escola Municipal de Musica, para impartir clases na especialidade de vento metal e musica e movemento, durante o presente curso lectivo 2018-2019, con data de finalización o 30 de xuño de 2019

Con data 9 de outubro de 2018 e número de rexistro 2018-E-RC-4738 don Ruben Montero Pena presenta escrito polo que renuncia a dito contrato e solicita a baixa voluntaria dende o día 14 de outubro de 2018

Realizados os chamamentos aos dous aspirantes que figuran na bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de profesores, na especialidade de vento metal, na Escola Municipal de Musica, consta no expediente o rexeitamento a dito contrato polos dous aspirantes.

Visto que consta, asemade, no expediente o rexeitamento de outros aspirantes para postos distintos a súa especialidade

Visto que os profesores que actualmente aceptaron formalizar o contrato como profesores na Escola Municipal de Música para o curso 2018-2019, xa no curso anterior asinaron un documento no que poñen de manifesto que ostenta a titulación profesional de música ou equivalente en especialidades distintas á praza de vento madeira e que carecen dos coñecementos teóricos/e ou prácticos suficientes para impartir a docencia de ditos instrumentos, podéndose asimilaresta circunstancia a praza de vento metal. E por outra banda non terían dispoñibilidade horaria para impartir as clases xa que na maioría das ocasións o horario coincide co da súa especialidade.

Considerando que existen necesidades urxentes e inaprazables que cubrir a praza vacante para o bo funcionamento da Escola Municipal de Música , co fin de que os alumnos se gan a recibir as especialidades que impartía o profesor que cesou voluntariamente, no uso das atribucións que me están conferidas, RESOLVO:

Primeiro.- Presentar na Oficina do Servizo Galego de Colocación de As Pontes oferta xenérica para a praza actualmente vacante na Escola Municipal de Musica cas seguintes características:

1 mestre/a de Vento—Metal (80% de xornada): Titulo esixido: Título Profesional dun instrumento de Vento-Metal (trombón, trompa, trompeta e tuba)

Incorporación inmediata e ata o 30 de xuño de 2019

Categoría e retribucións equivalentes aos actuais profesoras da Escola Municipal de Musica.

Horario: 15 a 22 horas de luns a venres (pódese variar segundo as necesidades)

Segundo.- Para a selección entre os/as candidatos/as remitidos pola Oficina do

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Servizo Galego de Colocación terase en conta a experiencia profesional e a formación, segundo o seguinte baremo:

1. Experiencia profesional (maximo 5 puntos)

Por servizos prestados en réxime laboral ou funcionarial en calquera entidade do sector publico ou na empresa privada, sempre que se refiran a un posto de traballo igual ao que se opta:

Por cada mes de traballo na Administración publica: 0,06 puntos

Por cada mes de traballo na empresa privada: 0,03 puntos

Para a xustificación da experiencia profesional os/as candidatos/as deberán presentar no Concello informe de vida laboral acompañado de certificado de servizos prestados ou contratos

2.- II.- Formación (máximo 5 puntos)

Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polos/as aspirantes, en calidade de alumnos/as, relacionados co posto de traballo e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública: 0, 01 punto hora. Non se valoraran os cursos, xornadas, seminarios ou congresos cunha duración inferior a dez horas

Para a xustificación da formación deberase achegar polos/as aspirantes o documento acreditativo da realización dos cursos, xornadas, seminarios ou congresos.

No caso de empate terá prioridade o/ aspirante que teña mais puntuación na experiencia laboral, de persistir o empate terase en conta a puntuación da experiencia laboral dentro da Administración pública e de persistir o empate resolverase por sorteo

Unha vez aportada polos/as aspirantes a documentación esta será valorada por unha Comisión cualificadora designada pola Alcaldía.

Terceiro.- Publíquese a presente resolución no taboleiros da sede electrónica e das dependencias administrativas do Concello para xeral coñecemento e aos efectos oportunos

O Alcalde

Documento asinado dixitalmente á marxe

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2. e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolúcións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario

Asinado dixitalmente ao marxe

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536